

1. Escoita, mozo lavado  
cara de poucos amigos  
anque non te podo ver  
teño que falar contigo.
2. Me dirás que cousas son  
as que me queres falar  
mírame ben o que dices  
non me veñas insultar.
3. Ocupáchete de min  
o que timei de contrato  
que lle dixeches á Farruca  
que eu ‘taba en estado.
4. Anda, nena xorobada  
desdentona, burra vella  
cuando me ocupeí de tí  
pra falar desa maneira.
5. O que che digo é mui certo  
que teñas muito cuidado  
que se te ocupas de min  
heiche rompe-lo espiñazo.
6. Que anque che son pequeniña  
aínda non che teño medo  
que se che entro... entre as faldas  
envólvote como un neno.

